# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15027885 | IES Lamas de Castelo | Carnota | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 3º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 28 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 30 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 31 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 31 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 33 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 34 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 35 |
| 7.2. Actividades complementarias | 36 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 37 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 39 |
| 9. Outros apartados | 39 |

## 1. Introdución

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.
Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.
Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.
Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. As revolucións burguesas entenderanse como o marco de ruptura das estruturas do pasado (servidume) para conformar novas formas de pensamento ideolóxico e político nun novo contexto de liberalismo e de democracia, é dicir, de recoñecemento da cidadanía. A globalización, o capitalismo, as formas de traballo e a economía liberal serán cuestións que se comprendan cando se aborde a Revolución Industrial; e, igual que a sociedade, a economía e a política se transforman, a arte deste época tamén responderá a ditas mutacións adaptándose a novos gustos e demandas.
Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfronta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.
O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.
O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.
En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

A Programación diríxese ao alumnado de 3º da ESO do IES Lamas de Castelo, que conta cun total de 20 alumnos e alumnas neste curso.
O IES Lamas de Castelo atópase no concello de Carnota, situado no extremo occidental da provincia da Coruña, ó sur de Fisterra, limitando cos concellos de Muros, Dumbría e Mazaricos. A poboación do concello é lixeiramente inferior a 4000 habitantes, diseminada en 66.4 Km cadrados e distribuída en 5 parroquias (Lariño, Lira, Carnota, San Mamede e O Pindo). Actualmente asistimos á diminución das actividades primarias (pesca, agricultura, gandaría) e aumento dos sectores secundario (cooperativas de confección, granxas de rodaballo, fábrica de conservas e empresas familiares relacionadas coa construción) e terciario (servizos). O reparto da poboación é moi desigual, concentrándose a súa maioría no Val de Carnota, no que nos atopamos un inmenso anfiteatro rodeado de montañas e campos que se protexen do mar por dunas e xuncos.

O IES Lamas de Castelo comezou a funcionar no ano 1998 e o 23 de febreiro de 1999 iniciáronse as clases no edificio actual, que depende da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. En decembro do 2000, o Consello Escolar solicitou o cambio de denominación de IES de Carnota a IES Lamas de Castelo, nome do lugar no que se localiza e co que se viña coñecendo popularmente.

O alumnado do IES Lamas de Castelo procede, na súa maioría, de dous centros educativos: o CEIP San Crimenzo do Pindo e o CEIP de Carnota. Polo feito de ter unha poboación dispersa, todos os alumnos/as do ensino obrigatorio, agás os de Pedrafigueira e dos lugares próximos ao instituto, teñen dereito a transporte escolar.

Desde o curso 2016/17, o IES Lamas de Castelo está adscrito ao IES Plurilingüe Fontexería, de Muros. Outros centros que reciben o noso alumnado cando rematan a ESO son o IES Agra de Raíces e o IES Fernando Blanco, os dous en Cee. No presente curso 2023-24, o número de alumnas e alumnos é de 68, repartidos en 4 grupos, un por cada nivel educativo: 1º, 2º, 3º e 4º.

O centro conta cun profesorado estable de 17 docentes para o vindeiro curso, cun importante número de membros do claustro que teñen o seu destino definitivo no centro, se ben, nos últimos anos produciuse unha importante renovación do mesmo con moitas incorporacións.
A materia de Xeografía e Historia de 3º da ESO organízase nun grupo de 20 alumnos/as e será impartida por Lucía Ces Carou, docente sen destino definitivo no centro, xefa do departamento unipersoal de Xeografía e Historia.
A materia de Xeografía e Historia en 3º da ESO é unha materia troncal obrigatoria que conta con 3 sesións á semana e que se imparte en galego.

Esta programación didáctica está redactada tendo en conta o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
-Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | 3 | 4 | 1-2-4-5 | 1 | 1 | 3 | 4 |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | 3 | 2 | 1-2 | 4 | 1-3 | 1-3 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | 2-3 | | 3-4-5 | 1-5 | 3 | 3-4 | 1 | 1-4 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | 1-3 | 2 | 1 | 1-2 | 2 | 1-2-3-4 | 1 | 1-4 |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 1-5 | 3 | 2 | 1-3-5 | 1-3 | 1-2 | 3 | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 1-5 | 3 | 1-3 | 1-3 | 3 | 1-2-3 | 1-3 | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | 2-5 | 3 | 2-4 | 1-2 | 1-3 | 1-2-3 | | 1-2-3 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | 2 | | 1-4-5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2-5 | | 2 | 1-3 | 1 | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A organización política das sociedades. | Estudaremos os réximes políticos e a organización dos estados e, en concreto, o Español indicando a importancia das Institucións para velar pola paz e seguridade. Explicaremos tamén as relacións entre Estados, abordando os diferentes tipos de estratexias de colaboración e a tipoloxía, causas e consecuencias dos conflitos. | 8 | 10 | X | | |
| 2 | A organización económica das sociedades. | Estudaremos os diferentes sistemas de organización económica, abordando o mundo da produción e do traballo. Explicaremos o fenómeno da globalización e as súas implicacións na sociedade actual, así como o funcionamento do mercado dentro da UE e o papel económico de España dentro da mesma. Abordaremos tamén a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. | 8 | 10 | X | | |
| 3 | As actividades do sector primario. | Traballaremos os conceptos de espazo natural e espazo agrario, analizando os conceptos espaciais, localización, escala e proximidade espacial. Faremos un estudo do global ao local na escala rural e a súa evolución e retos do futuro en relación co Desenvolvemento Sostible. | 10 | 10 | X | | |
| 4 | As actividades do sector secundario. | Abordaranse principais materias primas e fontes de enerxía para a actividade industrial, a súa evolución histórica e o seu impacto no medio ambiente, así como o seu posible aproveitamento futuro. | 10 | 10 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | As actividades do sector secundario. | Estudaremos as principais características da industria no mundo, os seus retos e a súa distribución por países. Dedicaremos un espazo da unidade a abordar o sector en España e na comunidade galega. | 10 | 10 | X | | |
| 5 | O transporte e a actividade comercial. | Explicaremos unha parte do sector terciario centrándonos nas actividades do comercio e o transporte e a relación entre elas. Abordaremos os seus principais retos e vantaxes, así como a súa vinculación co medio ambiente e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Deterémonos a analizar a situación destas actividades económicas na Unión Europea, España e Galicia. | 9 | 9 | | X | |
| 6 | Outros servizos da economía do benestar. | Dedicaremos a unidade ao estudo das actividades do sector terciario que quedan por abordar: o turismo, as finanzas, as TIC e os servizos públicos. Analizaremos a súa relación coa economía do benestar e o seu peso nos diferentes países do mundo, reflexionando sobre as causas e consecuencias do fenómeno de terciarización económica. Estudaremos tamén a súa relación co desenvolvemento sustentable e o impacto ambiental das mesmas. | 9 | 9 | | X | |
| 7 | Desenvolvemento, subdesenvolvemento e ODS. | Estudaremos os contrastes no desenvolvemento humano, as diferenzas entre países, e o significado dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). Ao longo da unidade iremos analizando cada un deles con maior detalle dende un punto de vista tanto global como local. | 8 | 8 | | X | |
| 8 | Demografía e poboamento. | Traballaremos os ciclos demográficos, a evolución da poboación e o reto demográfico en España e Galicia, incidindo no fénomeno do envellecemento da poboación e as políticas demográficas. Estudaremos tamén os cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. Así mesmo se aborda a diversidade social e a cohesión a non discriminación cun fincapé na igualdade de xénero e na multiculturalidade. | 8 | 9 | | X | |
| 9 | O Século da Razón. | Estudaremos o Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo Ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol. No contexto español, estudaremos aos primeiros monarcas Borbóns, o seu | 10 | 10 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | O Século da Razón. | uniformismo polítio e o reformismo ilustrado de Carlos III. | 10 | 10 | | | X |
| 10 | A época das Revolucións. | Estudaremos a crise do Antigo Réxime coa expansión das ideas do liberalismo, as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias. Abordaremos tamén a revolución industrial derivada do capitalismo e a nova sociedade de clases. Tamén analizaremos o rol das mulleres na época das revolucións. No contexto español, estudaremos a guerra e a revolución liberal, centrándonos na importancia da Constitución de 1812. | 10 | 10 | | | X |
| 11 | A arte dos séculos XVIII e XIX. | Estudaremos as características xerais das manifestacións artísticas deste período e a súa relación co contexto histórico estudado en unidades anteriores. Faremos especial fincapé na figura independente de Goya mediante a análise das súas pinturas máis significativas. | 10 | 10 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A organización política das sociedades. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identificar os elementos máis significativos do sistema político español e da organización política da Unión Europea. | PE | 70 |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Describir un conflito armado e relacionar o mesmo coas súas causas profundas e consecuencias directas sobre a sociedade civil. | | |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Coñecer e definir correctamente os principais elementos do sistema democrático, e diferencialos dos relativos a réximes non democráticos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos políticos en favor dos dereitos humanos no pasado e no presente. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Identificar os elementos e características principais das tipoloxías máis relevantes de Estados e gobernos no mundo. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elaborar un traballo sobre os conflitos no mundo relacionando os principais fitos do pasado e o presente que afectan aos mesmos, dende un punto de vista político, económico e social. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Presentar un traballo orixinal sobre as relacións políticas no mundo empregando fontes de diversos tipos. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Presentar dunha maneira orixinal e amena un traballo sobre algún problema de índole política no mundo. | TI | 30 |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Reflexionar de maneira oral e/ou escrita sobre os problemas vinculados ás relacións políticas e económicas no mundo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de |

| Contidos |
|---|
| - mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | A organización económica das sociedades. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Identificar e definir os principais organismos de dirección e xestión da economía mundial, así como a súa evolución no tempo e repercusión presente nos países. | PE | 70 |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Relacionar os diferentes contidos da unidade sobre a organización económica das sociedades e a súa materialización nos países desenvolvidos e emerxentes. | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Relacionar a organización económica das sociedades con situacións de desigualdade no mundo. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elaborar un traballo sobre os conflitos do mundo no que se afonde sobre as raíces económicas do mesmo. | TI | 30 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Presentar un traballo sobre algún problema económico no mundo empregando ferramentas de investigación e fontes variadas. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Expoñer de maneira oral e/ou escrita un traballo que aborde aspectos diversos da organización económica da sociedade con rigorosidade e claridade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | As actividades do sector primario. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identificar e definir elementos do sector agrario e pesqueiro no seu contexto, o seu peso na economía e as súas repercusión dende un punto de vista humano e ambiental. | PE | 70 |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Sintetizar información e conceptos clave en relación co sector agrario e a organización desta actividade económica nos países do mundo. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Reflexionar sobre as consecuencias da xestión inadecuada dos recursos agrarios e pesqueiros no mundo, o seu impacto humano e ambiental. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Analizar paisaxes agrarias identificando os seus principais elementos e características. | TI | 30 |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Redactar de maneira clara e ordenada unha análise dun documento gráfico relacionado coa actividade agraria e pesqueira no mundo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. |
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. |
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |

| Contidos |
|---|
| - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | As actividades do sector secundario. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Relacionar o sector industrial, os seus elementos e características cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable identificando as características dos mesmos que cumpren ou non estes ODS. | PE | 70 |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Identificar e definir materias primas e fontes de enerxía que son aproveitadas pola industria afondando no impacto das mesmas sobre o medio ambiente e as súas repercusións a curto e longo prazo. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Realizar un resumo ou síntese das principais características do sector industrial no mundo, a súa evolución e perspectivas de futuro. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Analizar algún aspecto da contorna que estea relacionado coa actividade industrial ou enerxética e que repercuta directamente na sociedade, reflexionando sobre o seu impacto e aportando algunha proposta de mellora. | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. |
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. |
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |
| - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. |
| - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. |
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. |
| - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |
| - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |
| - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | O transporte e a actividade comercial. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identificar os elementos do transporte e comercio que determinan a nosa contorna máis inmediata, e poñelos en relación coa súa evolución nos últimos séculos, afondando nas súas repercursións sociais. | PE | 70 |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Realizar unha síntese dos principais trazos do transporte actual e das redes e rutras de comercio internacional. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Reflexionar de maneira oral e/ou escrita sobre o comercio desigual e as diferenzas entre o desenvolvemento das vías de comunicación nos países do mundo. | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. |
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. |
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. |
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |
| - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. |
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. |
| - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. |
| - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Outros servizos da economía do benestar. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Relacionar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable coas actividades económicas do turismo, as TIC, as finanzas e os servizos públicos, a partir de recursos gráficos de variada tipoloxía. | PE | 70 |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identificar e definir elementos da nosa sociedade relacionados co sector servizos e relacionalos co estado actual da economía galega, española e mundial. | | |
2. Contemplar a aplicabilidade práctica dos coñecementos e a súa importancia para o desenvolvemento persoal do alumnado na súa vida cotiá. Isto explica que moitas das actividades contempladas fagan referencia a acontecementos e realidades facilmente identificables no momento actual ou na contorna xeográfica dos estudantes, como os problemas ambientais, a relación da actividade económica coa sociedade, a valoración do patrimonio local, entre outras. Deste xeito, buscamos que os alumnos/as tomen conciencia do seu papel na sociedade que os rodea e se valoren como suxeitos activos do propio devir histórico. Esta última consigna remítenos necesariamente ao desenvolvemento da competencia social e cívica, ao establecer nexos de unión entre o alumnado e o seu entorno, e contribúe a estimular a súa intelixencia emocional favorecendo os valores da empatía e a tolerancia.

3. Favorecer a participación activa, sobre todo de forma oral, tanto na exposición de contidos como na aplicación dos mesmos para a resolución de tarefas. Esta participación traducirase nun maior compromiso por parte do alumnado co proceso de aprendizaxe, tanto individual como colectivo, pois a integración dos coñecementos prodúcese pola interacción tanto co resto do grupo, como coa profesora ou cos materiais de traballo propostos. A participación activa será motivada no conxunto do grupo, buscando sempre un equilibrio que permita as intervencións de todo o alumnado. As tarefas da profesora aquí serán a de moderar o discurso tanto no seu contido como na súa forma, promovendo así o traballo na competencia en comunicación lingüística, e a de mediar na resolución de posibles conflitos.

4. Ofrecer formas de organización do traballo variadas nas que se contemple o traballo cooperativo e a interacción entre o alumnado, coa finalidade de favorecer a súa competencia comunicativa e promover actitudes de respecto e tolerancia no eido socioeducativo. Para isto realizaremos agrupamentos heteroxéneos que favorezan o debate e intercambio de coñecementos, así como o establecemento de estratexias de traballo en equipo. En tódalas unidades haberá actividades desta natureza, que poden realizarse en parellas, pequeno grupo ou en gran grupo segundo corresponda. Ademais, engadiremos sesións de discusión e debate dos traballos realizados, considerando o diálogo como unha ferramenta enriquecedora para a aprendizaxe do conxunto do grupo-clase.

5. Empregar medios de traballo variados e atractivos, relacionados a súa maioría coa integración das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no proceso de aprendizaxe. A maioría dos materiais de traballo

estarán dispoñibles na aula virtual, a cal servirá tamén como canle de comunicación habitual fóra do horario lectivo.

6. Primar o tempo de traballo de cada sesión para a realización das tarefas, o que require dun estudo pormenorizado da temporalización de cada actividade para adecuala á duración total das mesmas. A finalidade é a de permitir que fóra do horario lectivo o alumnado poida dispoñer de tempo suficiente para integrar os coñecementos adquiridos de maneira autónoma e individualizada, ben sexa repasando estes a través do portafolios ou ben buscando información por outras canles sobre a materia impartida, entre outras estratexias.

7. Establecer unha gradación na dificultade das tarefas e na complexidade dos contidos impartidos, que aumentará progresivamente conforme avancemos na UD correspondente. Isto determinará a orde das actividades en función da súa tipoloxía.

8. Promover un enfoque inclusivo do ensino mediante propostas de aplicación baseadas no Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Queremos adiantarnos ás posibles dificultades que poidan xurdir tendo en conta a diversidade do alumnado, incentivando a igualdade de oportunidades asentada no respecto aos diferentes ritmos de traballo e adquisición dos coñecementos e competencias. Algunhas das estratexias que seguimos nesta dirección son o establecemento de temporalizacións flexibles nas unidades, que permitan modificar a súa planificación inicial adecuándoa á realidade do grupo; a presentación dos contidos a impartir en múltiples formatos que abarquen as preferencias perceptivas dos alumnos/as (textos, mapas conceptuais, ilustracións, pezas audiovisuais, contido multimedia, entre outros exemplos) e con diferentes opcións para a súa percepción (glosarios en ambas linguas cooficiais, adaptación do tamaño e claridade documentos en formato dixital e transcrición escrita dos documentos audiovisuais); e a flexibilidade na forma de desenvolvemento das tarefas, oral ou escrita, en función das dificultades do alumnado.

Para poder empregar mecánicas colaborativas, e, en xeral, para acadar un bo clima no que respecta ás relacións interpersoais na aula, temos que partir dunha serie de principios que debemos, como docentes, inculcar ao grupo-clase:
a) Responsabilidade individual: todos os membros son responsables do seu desempeño individual dentro do grupo, non debendo adoptar, pois, actitudes disruptivas.
b) Interdependencia positiva: os membros do grupo deben ser conscientes de que dependen os uns dos outros para acadar a meta común.
c) Habilidades de colaboración: son as necesarias para que o grupo funcione de forma efectiva: traballo en equipo, liderado, solución de conflitos... Os membros do grupo interactúan entre eles para establecer estratexias efectivas de aprendizaxe.
d) Uso de rúbricas para valorar o proceso e progreso do grupo: o grupo reflexiona de forma periódica e avalía o seu funcionamento, efectuando os cambios necesarios para incrementar a súa efectividade.

Toda esta programación ten un mesmo espírito: ampliar o coñecemento, reforzando constantemente o que xa temos aprendido, relacionando unhas unidades con outras, e estas co campo máis amplo que son as Ciencias Sociais. Será fundamental facer referencia a cuestións xeográficas (demografía, tipos de industria, o estudio dos mapas físicos para entender manobras bélicas ou o interese estratéxico de certos enclaves coloniais, por exemplo), e artísticas, tanto as contidas no propio currículo, como todas aquelas que consideremos de interese e que axuden a avanzar e interrelacionar conceptos. As referencias literarias, cinematográficas e o mundo da novela gráfica serán constantes nas actividades de ensinanza-aprendizaxe, buscando motivar as alumnas e alumnos e procurar que busquen novas vías de coñecemento histórico.

Partindo destas premisas, as cuestións de actualidade preséntanse tendo en conta os seus antecedentes históricos para poder analizalas desde unha perspectiva crítica, cotexando información de diferente procedencia. Desta maneira, achégase un coñecemento conceptual e terminolóxico propio da ciencia histórica, e situaranse espacial e temporalmente os diferentes fenómenos e realidades do mundo contemporáneo. Para comprender e asimilar o estudado e traballado na aula, propoñeranse actividades baseadas nos conceptos e o vocabulario que se traballase, e que deberán servir para procesar e interiorizar o coñecemento adquirido.

Ademais do propio apoio dado na aula, faremos entrega ó alumnado de distintos materias teóricos, que lles poidan valer de referencia para enfrontarse ás probas escritas, dando sempre opción a que o alumnado amplíe información por medio das actividades de reforzo, ampliación e consolidación.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Apuntamentos da docente |
| Ordenadores e plataforma Edixgal |
| Caderno ou cartafol de traballo do alumnado |
| Fichas fotocopiables |
| Materiais informáticos |
| Material audiovisual |
| Mapas xeográficos e históricos |
| Novelas históricas, novelas gráficas, comics |
| Material funxible |
| Prensa |
| Cine ou documentais |

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O material de estudo básico serán os apuntamentos da docente que serán distribuídos ao alumnado no transcurso de cada unidade, no que se sintetizarán os contidos principais da unidade en cuestión. Serán esenciais para organizar o estudo de cara á realización das probas escritas.

Ademais destes apuntamentos empregarase material complementario, incluso elaborado pola docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Igualmente, a profesora poderá dispoñer da plataforma Edixgal para programar traballos e actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que enriquezan a didáctica. A plataforma Edixgal é tamén un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de terceiro adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e disponibilidade temporal.

Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

No curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para

darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partiremos dunha proba de avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos do alumnado. Esta realizarase nos primeiros días de clase con todo o grupo-clase. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos. A data prevista para a reunión de avaliación inicial da ESO, é o día 4 de outubro de 2023.

Preferentemente a través de probas escritas, a avaliación inicial pode consistir en:

- Lectura dun pequeno texto e preguntas sobre o mesmo. O obxectivo é ver o nivel de lectura comprensiva do alumno/a e o seu grao de coñecemento inicial sobre contidos das distintas materias.
- Mapas, sobre todo de España e Europa. Tratase de observar un nivel de coñecemento xeográfico básico.
- Cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía e Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan eses procedementos tan básicos na nosa área.

Esta proba inicial non se terá en conta para establecer a cualificación da avaliación. É unha observación sobre o nivel individual e do grupo, a partir da cal a profesora preparará as estratexias e procedementos necesarios para a impartición das súas clases. Completarase coa observación atenta das dinámicas de traballo no grupo e o ritmo de realización das tarefas e asimilación de contidos de cada alumna e alumno.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora. Ademais, nas materias que corresponden ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno/a.

De acordo cos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de dita proba, poderanse adoptar as medidas que o Departamento ou os docentes consideren máis axeitadas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe segundo se recollen no apartado relativo á atención á diversidade. Contémplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades de dito alumnado. O mecanismo para comunicarse coas familias será a través do Espazo Abalar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **8** | **8** | **10** | **10** | **9** | **9** | **8** | **8** | **10** | **10** |
| **Proba escrita** | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

| Unidade didáctica | UD 11 | Total |
|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 |

**Criterios de cualificación:**

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

O curso de terceiro comprende 22 C.A. distribuídos e axustados a cada unha das 11 UUDD e, nesta programación, arredor do 70% dos criterios de avaliación serán avaliados por medio de probas escritas e o outro 30% mediante táboa de indicadores.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

Durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, poderá implicar a retirada inmediata da proba que deberá repetir de novo na data que marque a docente, podendo acadar unicamente a cualificación de aprobado (5) ou suspenso. No caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non autorizados expresamente, procederase a retirar o exame e proceder de maneira idéntica ao punto anterior, sen prexuízo da aplicación de outras medidas sancionadoras recollidas no regulamento do centro. A profesora esixirá ao alumnado que realice este tipo de comportamentos un traballo compensatorio que deberá realizar correctamente para asegurar a condición de aprobado no exame a repetir.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza ás probas escritas fixadas de antemán, e non xustifique segundo a/o docente a súa ausencia, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa. En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da/do docente, realizarase a proba no seguinte día lectivo que corresponda á materia ou cando a/o docente o considere oportuno.

As probas telemáticas amosaron no curso 2019/2020 numerosos comportamentos fraudulentos. De ter que realizalas, as/os docentes vixiarán este tipo de probas en aras dunha maior xustiza nas cualificacións.

Tódalas probas previstas serán marcadas pola profesora no primeiro mes de cada trimestre, permitindo ao alumnado organizar o seu tempo de estudo en función das súas necesidades.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Haberá táboas de indicadores referidas á participación activa nas tarefas, parámetro que suporá aproximadamente o 10% da cualificación total.

As entregas de traballos fóra de prazo poderán conlevar unha redución da nota proporcional á tardanza da mesma

(até 4 puntos). Cando se detecten dous ou máis traballos de idéntica factura, a profesora poderá anular ditos traballos e solicitar a realización dun novo, ou ben poderá dividir a nota obtida entre o número de traballos copiados (por exemplo, se hai dous traballos iguais coa máxima cualificación -10 puntos-, cada un deles acadará unha nota de 5 puntos, o resultado de dividir 10/2; se hai tres traballos iguais, a nota dos mesmos sería 10/3=3,3; e así sucesivamente).

Unha vez realizado o cálculo para a obtención da nota da avaliación, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nunha proba escrita final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

**Criterios de recuperación:**

Cando algunha das dúas primeiras avaliacións teña unha cualificación negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para tal fin, a profesora poderá determinar se debe: realizar unha proba escrita na que se consideren os mesmos criterios de avaliación que ao longo do trimestre, ou realizar un traballo relacionado cos contidos da avaliación suspensa. A profesora será quen determine a realización dunha ou doutra modalidade, en función das necesidades do alumno/a en cuestión.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
g) Seguimento e avaliación.
g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo con boletíns de tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto poderá ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron nos boletíns de traballo do cartafol.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten. Se se observa que o alumnado coa materia pendente non realiza o cartafol de traballo nos prazos establecidos pola profesora da materia, esta poderá determinar a obrigatoriedade de realizar probas escritas tal e como se indicou no parágrafo anterior.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación obterase a partir da media da nota dos boletíns de traballo realizados ou, de ser necesario, das cualificacións obtidas nas probas escritas arriba mencionadas.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

É indispensable recoñecer a existencia de alumnos e alumnas con diferentes necesidades educativas debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

A) No referido aos obxectivos didácticos, procuraremos que haxa un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para achegarse ás aprendizaxes. Por exemplo:
- Capacidades cognitivas: contidos referidos a identificar, recoñecer, etc.
- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio, de actitudes cívicas, habilidades sociais...
- Capacidades sociais: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.
- Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates, etc.

Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, de forma que o alumnado que non consiga algún obxectivo da etapa a través dos contidos da materia, poida facelo a través doutras.

B) No referido aos contidos procurarase:
- Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resulta básico aprender, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores. Seguiremos a guía establecida co grao mínimo de consecución fixado para os diferentes criterios.
- Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos.

C) No referido á avaliación procuraremos deseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando tres graos de dificultade:
1. Que recoñeza e identifique.
2. Que analice e valore.
3. Que comente e valore criticamente a información.

Intentarase que cada alumno/a alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá

diversificar os resultados do alumnado.

Partindo das avaliacións iniciais en cada unidade e ao principio do curso considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios. Utilizaranse estratexias de avaliación variadas, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Por último, hai unha serie de medidas de aula e metodolóxicas que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:
- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.
- Actividades diferenciadas segundo a posibilidade de alcanzar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos.
- Materiais non homoxéneos, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Agrupamentos: de forma que os alumnos/as poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.
- Utilización de ritmos distintos, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

Especificamente mencionaremos as medidas levadas a cabo e consensuadas co Departamento de Orientación no que se refire ao Tratamento do Déficit de Atención e Hiperactividade: terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario", con medidas de ubicación e ordenación da aula, reforzos positivos, técnicas de time-out, consolidación de hábitos e rutinas de traballo, utilización de axenda escolar na planificación, etc. Asemade, seguiranse as recomendacións do Departamento de Orientación con respecto ao tratamento do Trastorno de Espectro Autista.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:
- Reforzos educativos, consistentes na explicación personalizada da materia coa realización de exercicios específicos e deseño de materiais específicos sobre os mínimos esixibles da materia. Incluirá actividades específicas, de reforzo e consolidación de aprendizaxes se fose preciso. O alumnado que precise dun reforzo terá que alcanzar en calquera caso os obxectivos da materia para obter unha avaliación positiva.
- Adaptacións curriculares, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán modificar os elementos prescriptivos do currículo segundo as necesidades do alumnado, con probas deseñadas especificamente para os alumnos e alumnas que o necesitasen.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental. | | X | X | X | X | X | X | |
| ET.3 - Educación para a igualdade. | X | X | | | | | X | X |
| ET.4 - Emprendemento. | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz | X | X | | X | | X | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | X | X | X | X | X | X | X | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social. | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental. | | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade. | X | X | |
| ET.4 - Emprendemento. | | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita. | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. | | | |
| ET.7 - Educación para a paz | | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | | |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos. Tamén será abordada dende o punto de vista do estudo dos sistemas democráticos e a importancia dos seus valores na sociedade actual.

Igualmente, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado. A comunicación será un elemento vital á hora de promover os debates ordenados na aula, nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima do grupo-clase. Nesta dirección vai tamén a educación para o consumidor, moi ligada aos ODS, que trataremos de maneira transversal na maioría das unidades da nosa Programación.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Conmemoración do Día Mundial da Auga | Exposición fotográfica polos corredores do centro. | | X | |
| Conmemoración do Día Mundial da Liberdade de Prensa | Traballo na biblioteca sobre a cultura do "clickbait" ao longo da historia e redacción dun noticiario histórico. A celebrar arredor do 3 de maio, no terceiro trimestre. | | | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| O Museo de Lamas de Castelo | Exposición de láminas escollidas e analizadas polo alumnado de obras artísticas do período estudado na clase. | | | X |
| Charlas educativas | Charlas e visitas externas de profesionais ligados a diversos sectores produtivos para realizar actividades en torno ao desenvolvemento económico sustentable. | X | | |
| Proxección de cine de interese para a materia | Visionado de materiais audiovisuais cun fin didáctico sobre os contidos impartidos, e posterior debate sobre os mesmos. | X | X | X |
| Asistencia a xuízos reais | Visita ao xulgado de Muros no marco do Programa "Educar en Xustiza" para asistir a xuízos, cun posterior debate coa xueza sobre o mesmo. | | X | |
| Excursión a Santiago de Compostela | Visita ao Museo de Historia Natural, á Cidade da Cultura, á Catedral e aos monumentos principais da zona vella da cidade. | X | | |
| Semana Cultural | Realización de actividades educativas variadas e transversais coordinadas entre os Departamentos didácticos ao longo dunha mesma semana do curso. | | | X |

**Observacións:**

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.
Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .
A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula unha terceira fase de debate e reflexión en común (oral ou escrita) para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. |
| Dei un peso real á observación do traballo na aula. |
| A temporalización foi adecuada. |
| Realicei a avaliación inicial. |

| Metodoloxía empregada |
|---|
| Conseguín crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. |
| Conseguín motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado. |
| Logrei a aprendizaxe significativa do alumnado. |
| Fomentei as aprendizaxes experienciais. |
| Axudei a descubrir a utilidade e funcionalidade do estudado. |
| As miñas explicacións foron claras e resaltei debidamente os contidos máis importantes. |
| As miñas explicacións foron suficientemente amenas. |
| Empreguei distintos procedementos e instrumentos de avaliación. |
| Valorei adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo. |
| As actividades foron variadas e motivadoras. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Beneficiei a flexibilidade. |
| Adoptei as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. |
| Atendín adecuadamente á diversidade do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguín a participación activa de todo o alumnado. |
| Conseguín que os alumnos/as aprenderans os uns dos outros. |
| Favorecín o desenvolvemento das capacidades intelectuais e sociais do alumnado. |
| Axudei a desenvolver a autoestima, a motivación intrínseca, a satisfacción persoal e a empatía do alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Contei co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. |
| Mantiven (ou intentei manter) un contacto periódico coas familias do alumnado. |
| Outros |
| Favorecín que o alumnado adquirise actitudes críticas e comprometidas. |

**Descrición:**

No que respecta á avaliación do proceso de ensino e a práctica docente, esta levarase a cabo mediante unha serie de mecanismos. A profesora fará un seguimento diario a través da observación, anotará no seu caderno aquelas cuestións que considere relevantes, e cubrirá unha táboa de reflexión docente ao finalizar cada UD.

Ao termo de cada trimestre, entregaráselle ao alumnado un cuestionario sobre o proceso de ensino e a práctica docente, que cubrirá de forma anónima. Asemade, o delegado/a da clase reunirase coa profesora, finalizado o

trimestre, para detallarlle aqueles aspectos que o grupo considere oportunos.

Considerando os resultados de tódalas cuestións citadas anteriormente, das cales nos valemos para conseguir unha percepción máis realista e precisa do proceso de ensino e da práctica docente, a profesora cubrirá dous cuestionarios con indicadores de logro, un sobre o proceso de ensino e outro acerca da práctica docente. Ditos cuestionarios, serán elaborados pola propia profesora de acordo coas recomendacións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o deseño de programacións didácticas segundo a LOMCE.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Xunto á avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, cómpre destacar tamén o seguimento da PD. Para a súa avaliación, empregaremos algúns dos mecanismos de revisión e modificación da avaliación anteriormente comentados que teñan que ver coa programación. Estes son: o seguimento diario a través da observación e a anotación das cuestións relevantes; o cuestionario para o alumnado; as reunións cos delegados; as suxestións libres; e as reunións semanais co departamento.

Ademais, para a realización desta avaliación empregaranse as reunións de final de trimestre do departamento, nas que se fará un seguimento da programación dun modo detallado, e discutiranse os posibles cambios ou melloras na mesma tanto de cara ao seguinte trimestre como de cara ao curso seguinte. Pola súa banda, a Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro tamén realizará unha valoración trimestral do desenvolvemento da presente PD.

Por último, a profesora cubrirá un cuestionario final ao remate de cada trimestre, que segue as recomendacións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Este cuestionario, xunto cos demais mecanismos de revisión, anteriormente comentados, servirá para revisar e avaliar a súa programación. Nel avaliaremos, nunha escala do 1 ao 4 (no cal 1 sería "totalmente en desacordo", 2 "en desacordo", 3 "de acordo" e 4 "totalmente de acordo"), os seguintes indicadores para a avaliación da Programación Didáctica:

# 9. Outros apartados

### 1. Accións de contribución ao proxecto lector

Fomentarase a lectura entre o alumnado a través das seguintes accións: - Dedicaranse un mínimo de 10 minutos semanais á lectura e comprensión de textos. - Os textos tratados nesta materia serán de tipoloxía variada e incluirán gráficos, mapas, esquemas, fragmentos de obras científicas, literarias, xornalísticas, entre outras; e os tipos de soporte poderán abarcar libros, material dixital, revistas, xornais, etc. - Realizaranse ademais accións específicas de fomento da lectura como a dispoñibilidade dun listado de obras literarias de lectura optativa sobre aspectos das ciencias sociais relacionados coa materia (preferentemente, novelas históricas e/ou xeográficas). - Velarase polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia.

### 2. Accións de contribución ao plan dixital

Prestarase especial atención ás seguintes accións: - Fomentar que o alumnado empregue as novas tecnoloxías na realización de traballos e na exposicións dos mesmos na aula. - Actualizar a páxina web do departamento, dentro da páxina web do instituto. - Elaborar, na medida do posible, artigos para a publicación na revista dixital do instituto. - Elaborar apuntes de varios temas/boletíns e utilización de aulas virtuais. - Empregar de xeito regular equipamento TIC para navegar por Internet así como para explicar os contidos de diversas unidades. - Visualizar vídeos e/ou DVD's na aula relacionados coa programación desenvolvida.

**3. Accións de contribución ao plan de convivencia**

O plan de convivencia ten como obxectivo garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación. Para mantelo, é importante que o alumnado coñeza claramente as NOF. Manterase unha clase motivada e atenta, prestando especial atención ao alumnado con NEAE. Traballarase estreitamente co departamento de orientación e con xefatura de estudos. Favoreceranse actividades interdepartamentais facilitadoras da convivencia. Ademais resultará importante manter un contacto fluído coas familias quedando á súa disposición para mantelos informados de calquera problema ou situación relevante que se producise empregando medios diversos.